



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2019

1. Cesión de datos polos Xulgados á Axencia Tributaria

O Tribunal Supremo ditou o pasado 13 de novembro unha sentenza pola que estimaba o recurso contencioso-administrativo interposto polo Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE) contra o acordo do 20 de xullo de 2017 da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se informaba en sentido favorable sobre a remisión á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) de información relativa á participación de avogados e procuradores en todos os procedementos xudiciais durante os anos 2014, 2015 e 2016.

A dita resolución é firme e para proceder á súa execución, o CXAE solicítanos que informemos sobre se dentro da nosa demarcación territorial se produciu algunha solicitude de información por parte da AEAT durante os anos indicados (2014-2016). Para isto, este colexio abre un **prazo ata o vindeiro 7 de marzo** para que, se algún colexiado ten constancia do envío de información por parte dos xulgados á AEAT, nolo faga saber para dar traslado ao CXAE.

2. Guía colexial 2019: actualización de datos

Coma todos os anos, o Colexio de Avogados vai editar proximamente a *Guía Colexial 2019*. Ábrese un **prazo ata o vindeiro venres, 8 de marzo**, ás 14.00 h, para que os colexiados/as que desexen actualizar os seus datos profesionais o comuniquen na secretaría do colexio. Calquera solicitude de cambio de datos posterior a esta data non se recollerá nesta publicación.

Así mesmo, os letrados/as que desexen incorporar unha foto nesta guía deberán remitirnos unha en tamaño carné xunto cunha autorización por escrito para a súa publicación.

Unha vez elaborado o borrador desta guía, publicarase na páxina web durante 5 días para que poida ser revisada e corrixir posibles erros.

3. Galería de fotos San Raimundo 2019

Xa está dispoñible na zona restrinxida da web do colexio unha galería coas fotos dos actos e da cea-baile do pasado día 22 de febreiro.

Galería: <https://www.icasantiago.org/festividade-de-san-raimundo-2019>

Os colexiados e colexiadas interesadas en adquirir algunha copia en papel poden poñerse en contacto coa secretaría do Colexio.